



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Outes. Parroquias: San Cosme de Outeiro ao sudoeste, San Xoán de Roio no centro oeste, San Pedro de Outes nunha ampla extensión do noroeste, San Ourente de Entíns ao nordeste, Santa Maía de Entíns no centro leste, con San Tirso de Cando no extremo oriental, e San Xán de Tarás ao sueste. Extensión: 19,43 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A chaira que caracteriza o Esteiro de Outes prolóngase cara ao norte a través dunha depresión sucada polo río Rial e os seus afluentes. Esta chaira encádrase entre dous bloques de materiais metamórficos elevados, que conforman senllas aliñacións montañosas, tamén dispostas de norte a sur. Mentres que a do oeste presenta unha serie de chanzos na súa vertente que permiten a transición progresiva dos cumios á chaira; a ladeira da aliñación oriental cae verticalmente marcando de forma clara o límite da depresión.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

É necesario apuntar a existencia dunha ampla variedade litolóxica en unidades ou bandas rochosas orientadas de NNO a SSE. A secuencia, de oeste a leste é a seguinte: Toda a parte oeste está modelada en granodiorita hercíniana precoz con megacrístais. Nos sectores central e centro oriental mandan os materiais metamórficos do "Complezo de Noia" (de Idade precámbrico-cámbrica), compostos por xistos e paragneises con algunhas paranfibolitas, intercaladas con porfiroblastos de plaxioclasa na parte meridional. Dentro desta ancha banda intercálase unha máis estreita, no sector central, de ortogneis biotítico blastomilonítico. Na parte máis oriental aparecen, novamente, dúas bandas, a primeira do ortogneis e a segunda das metamorfitas da Unidade de Noia. O Cuaternario adquire grande importancia debido á grande extensión que alcanzan os sedimentos holocenos intermareais e os aluviais dos ríos Outes, Entíns e do Rial, especialmente na unión dos vales baixos, formando unha chaira aluvial ampla.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Gran parte do val e esteiro de Outes inclúese no dominio climático Cálido e Húmido caracterizado por temperaturas medias anuais por enriba de 15°C e amplitude térmica ao redor de 13°C. As precipitacións oscilan entre 1200 mm e 1400 mm de media acumulada ao longo do ano. Non obstante cara á cabeceira do val, na súa vertente occidental, aumenta a pluviosidade e diminúen lixeiramente as temperaturas, ata o punto de configurar un ambiente climático Temperado e Moi Húmido con precipitacións entre 1400 mm e 1800 mm e medias térmicas de 13°C a 14°C.

OS SOLOS

Variedade edáfica en relación coa diversidade de ambientes identificables en toda a unidade. O interior do esteiro está definido polos procesos de sedimentación fluvio-mariña que permiten recoñecer arenosos, así como fluvioisóxicos e tiónicos nas áreas hidromorfas e de marisma principalmente nas zonas da Formiña, As Abruñeiras e A Meán. A chaira ao redor do núcleo da Serra de Outes está sucada polos cursos baixos dos ríos de Rial, Tines e de Outes o que favorece a formación de solos de veiga e gleisoles. A vertente traseira presenta pola súa parte a típica catena que vai dos solos máis desenvolvidos de fondo de val, tipo cambisol, aos umbrisoles e regosoles de ladeira e finalmente os esqueléticos leptosoles líticos nas pendentes pronunciadas e cabeceira da cunca.


AS AUGAS

Esta unidade fortemente vinculada ás Augas de Transición da Ría de Muros e Noia (20474), recolle debido á súa morfoloxía de anfiteatro, as canles de drenaxe dunha profusa rede hidrográfica. A principal é o río do Rial, xunto aos ríos Cuntín e Outes, que se unen pouco antes de desembocar na parte inicial do esteiro. Ao oeste, o esteiro recibe a achega doutros arrosios menores como o Prado.

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a liña de costa, as formacións intermareais e as marismas, están protexidas polo LIC Esteiro do Tambre. Destacan os hábitats de bancos intermareais e submareais superficiais areosos e lamacentos (1110 e 1140), e as marismas (grupo 13, unhas 80 ha). No interior existen masas frondosas de moi diferentes dimensións e orixe. Non faltan as formacións ripícolas (91 E 0) nas canles fluviais, descontinuas pero con importante función ecolóxica. Tamén son numerosos e en ocasións mixtos, os conxuntos de frondosas de recolonización a partir dos campos de cultivo. Aparecen, sobre as aldeas, no contacto entre o ager e o saltus masas mixtas, ou máis ou menos puras, procedentes de antigas carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) ou soutos (9260, Bosques de Castanea sativa). Non hai que esquecer os prados hidromorfos, na horizontalidade dos vales e chaira costeira, dos hábitats 6420, de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, de megaforbios eutrofos higrófilos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A influencia do esteiro apréciase na franxa costeira coa formación de chairas intermareais e lamacentas e na formación de marismas e grandes superficies de carrizais. Os fértiles vales facilitaron o cultivo dun extenso parcelario agrícola relacionado con asentamentos rurais arredor dos ríos que conforman a rede de drenaxe. A economía está marcada pola pesca, o marisqueo e a industria, ademais da agricultura e a gandaría. Destacan os serradoiros, estaleiros e naves vinculadas á construción ao longo do esteiro. O núcleo urbano de Serra de Outes está dotado dos equipamentos necesarios para articular o desenvolvemento desta poboación cara a un carácter máis urbano e funcional, de forma illada atópanse naves de uso industrial espaxeadas por todo o val. O uso forestal completa o resto da unidade nas elevacións montañosas que rodean os vales.

MORFOLOXÍA

O núcleo urbano de Serra de Outes desenvolveuse acompañado de gran funcionalidade grazas á rede de equipamentos creada. A súa planta en forma de estrela marca a tendencia que seguiron as diversas edificacións situándose nas marxes da rede viaria. A densidade urbana pérdese nos asentamentos máis recentes, adoptando forma lineal, xa que se asentan nas marxes das vías que comunican o núcleo urbano cos núcleos rurais periféricos. Os numerosos núcleos rurais atópanse repartidos como unha constelación arredor do foco que compón a localidade de Serra de Outes. A morfoloxía predominante dos núcleos rurais existentes responde ao modelo territorial da comarca, vivendas compostas de baixo e planta e construcións anexas do tipo galpón destinadas ao uso agropecuario.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Rede viaria de carácter radiocéntrico cara á localidade de Serra de Outes dende os diferentes núcleos rurais. Tanto a entrada como a saída deste núcleo se realiza a partir da estrada AC-550 que comunica a unidade coa comarca costeira. As estradas AC-6202, AC-3404, AC-5604 e AC-4502, relacionan os núcleos máis ao norte dende a poboación de Serra de Outes. A concentración parreira creou unha rede de estradas cuadrículada que estrutura o solo destinado ao cultivo. O resto constitúe unha complexa rede de estradas secundarias e camiños que dan acceso ás edificacións rurais e permiten o tránsito polas elevacións montañosas. Por último, cabe destacar as obras do trazado da autovía de Santiago-Brión, construíndose un tramo e unha ponte na entrada do esteiro de Outes.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Abundantísimo patrimonio cultural repartido nos núcleos rurais, entre a arquitectura civil destacar numerosas casas e construcións de tipo tradicional. Sobresae o vínculo cos ríos que discorren polo val, reflectido nos cuantiosos muíños, fontes e lavadoiros, outra proba deste uso constitúe a presa e a canle da Horta do Muíño en Serra de Outes, e numerosas pontes que salvan estes regueiros. Dentro da arquitectura relixiosa as igrexas de Entíns, Outes e Tarás, así como capelas e ermidas. Sinalar tamén a existencia do Vía Crucis de San Campio que relaciona este conxunto nun itinerario espiritual cheo de cruceiros, cruces e outras construcións de carácter cristián. Na arquitectura de tipo industrial figura o antigo serradoiro de forxa e forno en Brión de Abaixo. Entre os depósitos arqueolóxicos figuran os castros de Coiradas, Monte do Cristo e o de Brión de Arriba, así como o depósito medieval de Mosteiro e a Torre do Castelo, incluído entre os Ben de interese cultural (BIC).

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A configuración fisiográfica da unidade permite unha visión destacada do desenvolvemento industrial e urbano da unidade que se reflicte nas industrias situadas nas marxes do esteiro e no núcleo de Serra de Outes. Sobre este, vivendas de tipo rural mesturadas con outras máis compactas e de maior volume e diversos equipamentos, a densidade da rede viaria no fondo do esteiro rompe a continuidade do ámbito natural xerado pola rede fluvial e o propio esteiro de Outes. Os núcleos rurais existentes forman unha constelación arredor do núcleo urbano que se estende en forma de asentamentos espontáneos na rede viaria que comunica todos os núcleos.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A configuración máis característica desta paisaxe vén marcada polo esteiro de Outes, a súa entrada na chaira xera senllos corredores cara aos vales que soportan a profusa rede fluvial. Estes espazos abertos crean unha fermosa perspectiva e dotan de profundidade escénica a paisaxe. Todos os elementos que constitúen a unidade permanecen resgardados polas elevacións montañosas que rodean esta paisaxe mixta, por un lado aplanado e por outro lado con certo carácter montañoso, circunstancia que vén dada pola Serra de Outes, situada ao norte con cinco cumios que roldan os 500 m. O alto potencial ecolóxico da unidade levou á inclusión do esteiro dentro do LIC Esteiro do Tambre e a súa inclusión na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000. O abundante patrimonio cultural repartido nos núcleos rurais confire un valor engadido dende o punto de vista turístico, de entre a arquitectura civil e relixiosa cabe destacar o vínculo tradicional cos ríos que discorren polo val, reflectido nos cuantiosos muíños, fontes, lavadoiros, e a presa e a canle da Horta do Muíño en Serra de Outes, así como as pontes que salvan estes regueiros. Dentro da arquitectura relixiosa figura a existencia do Vía Crucis de San Campio que relaciona as diferentes construcións relixiosas nun itinerario espiritual cheo de cruceiros, cruces e outras construcións de carácter cristián. Na arquitectura de tipo industrial figura o antigo serradoiro de forxa e forno en Brión de Abaixo como exemplo do uso que se desenvolveu nas marxes do esteiro de Outes. Entre os depósitos arqueolóxicos os castros de Coiradas, Monte do Cristo e o de Brión de Arriba. E o depósito medieval de Mosteiro e a Torre do Castelo. O carácter mixto que crean a paisaxe do val e as montañas é aproveitado para superar o límite visual que supón a situación do esteiro no fondo da ría, situando tres puntos de observación nas tres elevacións montañosas que se alternan cos vales.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros



Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



